

# 1 Líder



3 0

## O RÁcing ÁBRESE CAMIÑO NO ROCA

O Villalbés B sobe ao tren da permanencia da Liga Galega xuvenil trala segunda vitoria consecutiva na casa dos de Iván Lamas. Logo de gañar 4-0 ao Calasanz B, nesta xornada impuxéronse ao Estrada por tres goles a cero



4 2



### LIGA NACIONAL XUVENIL

## O Lugo B segue coa xeira triunfal tras impoñerse ao Choco

Os albivermellos deixaron en 420 minutos a imbatibilidade e encadean a quinta xornada sen perder, con tres vitorias consecutivas na categoría de prata do fútbol base xuvenil. Na próxima xornada viaxan a Lalin e despedirán o 2019 co derbi Provincial ante o Rácing Villalbés na Cheda

### DERBIS PROVINCIAIS

**O LUGO RECIBE AO VIVEIRO** a próxima fin de semana na Liga Galega cadete e na Liga Galega infantil, categoría na que se volven ver as caras os dous conxuntos tras moitas tempadas. Na cadete, os mariñaos buscarán os seus primeiros puntos a domicilio

### XORNADA REDUCIDA

### PARÓN NAS COMPETICIÓNS PROVINCIAIS

Todas as categorías locais descansaron nesta xornada. As diferentes ligas reanúdanse a próxima fin de semana, que será a penúltima do 2019 para o fútbol base



XUVENIL D. DE HONRA	
RESULTADOS	
Marina Sp. - Bansasder	0-0
Conxo - CD Lugo	2-1
R. Oviedo - Ural	1-0
Calasanz - TSK Rocas	0-1
R. Avilés - RC Celta	0-2
R. Ferrol - R. Santander	3-3
At. Perinés - Deportivo	1-1
Val Miñor - Sp. Gijón	0-1

XUVENIL LIGA NACIONAL	
RESULTADOS	
Alondras - R. Bouzas	2-0
RC Celta B - CD Areosa	1-3
Ourense CF - Porriño	4-0
Val Miñor B - RC Villalbés	2-1
Deportivo B - EF Lalin	4-1
CD Lugo B - Choco	4-2
Valladares - O Val	5-2
Pontevedra - UD Ourense	6-4
Pabellón - Victoria CF	2-2

XUVENIL L. GALEGA NORTE	
RESULTADOS	
As Pontes - Boiro	1-3
Residencia - Ural B	1-1
R. Ferrol B - Dumbria	4-3
Compostela - Montañeros	1-0
G. Caranza - Conxo B	3-5
San Tirso - Orillamar	5-1
RC Villalbés B - Estrada	3-0
Bergantiños - Victoria B	3-2
Viveiro CF - Calasanz B	1-2

CADETE DIVISION HONRA	
RESULTADOS	
Bertamiráns - Coruxo	3-3
Calasanz - Ural	0-0
R. Ferrol - Pontevedra	1-0
X. Oroso - San Tirso	0-1
Deportivo - Arosa SC	8-0
CD Lugo - Conxo	2-1
RC Celta - Val Miñor	1-0
AJ Lerez - Victoria	0-1
Pabellón - Bergantiños	2-0

CADETE L. GALEGA NORTE	
RESULTADOS	
Bergantiños B - Boiro	0-1
Milagrosa - Ural B	0-0
Imperator - R. Ferrol B	2-0
Compostela - Montañeros	1-3
G. Caranza - Conxo B	3-0
San Tirso B - Deportivo B	2-3
RC Villalbés - Estrada	0-0
Dumbria - CD Lugo B	2-0
Viveiro CF - Calasanz B	1-0

INFANTIL GALEGA NORTE	
RESULTADOS	
Bertamiráns - EF Lalin	5-0
Sálvora - Ural CF	0-3
X. Oroso - R. Ferrol	2-0
Montañeros - San Tirso	1-1
Conxo - G. Caranza	1-2
Calasanz - Deportivo	0-6
Narón - Victoria CF	1-3
Victoria FC - CD Lugo	0-2
SD Viveiro - Bergantiños	4-4

CLASIFICACIONES	
Equipo	PTS X G E P GF GC
RC CELTA	38 14 12 2 0 35 10
SPORTING GIJÓN	34 14 10 4 0 41 11
RC DEPORTIVO	27 14 8 3 3 21 12
REAL OVIEDO	25 14 8 1 5 25 20
BANSANDER	24 14 7 3 4 17 12
R SANTANDER	22 14 7 4 4 25 20
CONKO SANTIAGO	22 14 6 4 4 16 19
TSK ROCES	16 14 5 1 8 18 27
ED VAL MIÑOR	15 14 4 3 7 17 20
ATL PERINÉS	15 14 4 3 7 12 23
URAL CF	14 14 3 5 6 13 18
CD LUGO	13 14 3 4 7 17 24
RACING FERROL	13 14 3 4 7 14 22
REAL AVILES CF	13 14 3 4 7 12 23
CD CALASANZ	11 14 3 2 9 14 24
MARINA SPORT	9 14 2 3 9 12 24

CLASIFICACIONES	
Equipo	PTS X G E P GF GC
R.C. CELTA "B"	37 14 12 1 1 49 10
DEPORTIVO "B"	31 14 10 1 3 40 17
C.D. AREOSA	29 14 8 5 1 29 19
PABELLON C.F.	25 14 7 4 3 23 12
C.D. CHOCO	24 14 7 3 4 24 20
ALONDRAS C.F.	24 14 7 3 4 21 16
OURENSE C.F.	23 13 6 5 2 21 20
PONTEVEDRA C.F.	23 14 7 2 5 24 16
C.D. LUGO "B"	23 14 7 2 5 23 23
RAPIDO BOUZAS	21 14 5 6 3 19 20
VALLADARES	17 14 5 2 7 19 21
VICTORIA C.F.	15 14 4 3 7 20 28
S.D. O VAL	12 14 3 3 8 15 33
U.D. OURENSE	11 14 3 2 9 15 28
VAL MIÑOR "B"	10 14 2 4 8 12 31
E.F. LALIN	10 14 3 1 10 18 27
RC VILLALBES	8 13 1 5 7 9 25
PORRIÑO C.F.	4 14 0 4 10 11 28

CLASIFICACIONES	
Equipo	PTS X G E P GF GC
S.D. COMPOSTELA	33 14 10 3 1 34 13
C.D. BOIRO	25 14 7 4 3 20 11
CALASANZ "B"	25 14 8 1 5 21 14
MONTANEROS C.F.	24 14 6 6 2 28 28
R. FERROL "B"	24 14 7 3 4 24 20
SAN TIRSO S.D.	22 14 7 1 6 19 18
BERGANTINOS	22 14 6 4 4 24 18
C.D. CONXO "B"	21 14 5 6 3 29 17
URAL C.F. "B"	21 14 6 3 5 22 12
C.F. DUMBRIA	21 14 6 3 5 21 21
C.D. AS PONTES	19 14 5 4 5 26 17
G. CARANZA	17 14 5 2 7 18 25
ORILLAMAR S.D.	17 14 5 2 7 20 28
VIVEIRO C.F.	14 14 4 2 8 23 40
ESTRADA FB	13 14 2 7 5 15 17
VILLALBES "B"	13 14 4 1 9 11 20
RESIDENCIA	11 14 2 5 7 15 29
VICTORIA C.F. "B"	7 14 2 1 11 14 36

CLASIFICACIONES	
Equipo	PTS X G E P GF GC
R.C. DEPORTIVO	42 14 14 0 0 50 5
R.C. CELTA S.A.D.	37 14 12 1 1 60 9
URAL C.F.	28 14 8 4 2 21 12
SAN TIRSO S.D.	27 14 8 3 3 23 13
C.D. LUGO	24 14 8 0 6 23 23
E.D. VAL MIÑOR	22 14 7 1 6 17 24
C.D. CALASANZ	21 14 5 6 3 22 15
C.D. CONXO	20 14 5 4 5 17 17
VICTORIA C.F.	20 14 6 2 6 19 24
AROSA S.C.	18 14 5 3 6 18 14
PONTEVEDRA C.F.	17 14 4 5 5 23 34
PABELLON C.F.	17 14 5 2 7 16 20
CORUXO F.C.	13 14 3 4 7 16 19
RACING FERROL	13 14 3 4 7 18 21
X. OROSO	11 14 2 5 7 15 26
BERGANTINOS C.F.	10 14 1 7 6 13 27
BERTAMIRANS C.F.	7 14 2 1 11 9 41
A.J. LEREZ	3 14 0 3 11 6 42

CLASIFICACIONES	
Equipo	PTS X G E P GF GC
DEPORTIVO "B"	38 14 12 2 0 45 11
E.F.M. DE BOIRO	32 14 10 2 2 28 12
S.D. COMPOSTELA	31 14 10 1 3 37 12
MONTANEROS C.F.	28 14 8 4 2 29 8
URAL C.F. "B"	25 14 7 4 3 34 17
IMPERATOR O.A.R.	25 14 8 1 5 24 18
SAN TIRSO S.D. "B"	23 14 7 2 5 15 21
GALICIA CARANZA	22 14 7 1 6 29 22
MILAGROSA	20 14 5 5 4 14 15
C.B. LUGO "B"	18 14 5 3 6 18 15
C.D. CONXO "B"	15 14 4 3 7 17 19
BERGANTINOS "B"	14 14 4 2 8 21 29
R. FERROL "B"	14 14 4 2 8 15 38
C.F. DUMBRIA	13 14 4 1 9 18 28
VIVEIRO C.F.	13 14 4 1 9 14 28
CALASANZ "B"	10 14 2 4 8 10 40
RC VILLALBES	8 14 1 5 8 13 27
ESTRADA FB	6 14 1 3 10 14 35

CLASIFICACIONES	
Equipo	PTS X G E P GF GC
R.C. DEPORTIVO	42 14 14 0 0 77 3
BERTAMIRANS C.F.	33 14 11 0 3 37 10
URAL C.F.	31 14 10 1 3 35 14
X. OROSO	30 14 9 3 2 40 23
C.D. CONXO	28 14 9 1 4 30 16
C.D. CALASANZ	23 14 7 2 5 40 24
C.D. LUGO	23 14 7 2 5 27 15
VICTORIA F.C.	22 14 6 4 4 30 24
RACING FERROL	21 14 6 3 5 29 24
GALICIA CARANZA	18 14 6 0 8 26 30
S.D. C.Y.R. NARÓN	16 14 5 1 8 18 38
MONTANEROS C.F.	15 14 4 3 7 20 26
S.D. VIVEIRO "A"	15 14 4 3 7 29 41
SAN TIRSO S.D.	13 14 4 1 9 23 37
BERGANTINOS C.F.	13 14 4 1 9 17 51
E.F. LALIN	10 14 3 1 10 18 53
VICTORIA C.F.	8 14 2 2 10 18 38
SALVORA, C.F.	3 14 1 0 13 10 57

PRÓXIMA XORNADA	
R. Santander - Conxo	Bansasder - R. Oviedo
Deportivo - Calasanz	CD Lugo - At. Perinés
TSK Rocas - R. Avilés	RC Celta - Marina Sp.
Ural - Val Miñor	Sp. Gijón - R. Ferrol

PRÓXIMA XORNADA	
Alondras - RC Celta B	Choco - Valladares
CD Areosa - Ourense CF	O Val - Pontevedra
Porriño - Val Miñor B	UD Ourense - Pabellón
RC Villalbés - Deportivo B	R. Bouzas - Victoria
EF Lalin - CD Lugo B	

PRÓXIMA XORNADA	
As Pontes - Residencia	Orillamar - R. Villalbés B
Ural B - R. Ferrol B	Estrada - Bergantiños
Dumbria - Compostela	Victoria B - Viveiro CF
Montañeros - G. Caranza	Boiro - Calasanz B
Conxo B - San Tirso	

PRÓXIMA XORNADA	
Bertamiráns - Calasanz	Conxo - RC Celta
Ural CF - R. Ferrol	Val Miñor - AJ Lerez
Pontevedra - X. Oroso	Victoria - Pabellón
San Tirso - Deportivo	Coruxo - Bergantiños
Arosa SC - CD Lugo	

PRÓXIMA XORNADA	
Bergantiños B - Milagroza	Deportivo B - RC Villalbés
Ural B - Imperator	Estrada - Dumbria
R. Ferrol B - Compostela	CD Lugo B - Viveiro CF
Montañeros - G. Caranza	Boiro - Calasanz B
Conxo B - San Tirso B	

PRÓXIMA XORNADA	
Bertamiráns - Sálvora	Deportivo - Narón
Ural CF - X. Oroso	Victoria CF - Victoria FC
R. Ferrol - Montañeros	CD Lugo - SD Viveiro
San Tirso - Conxo	EF Lalin - Bergantiños
G. Caranza - Calasanz	

# NON QUEDES FÓRA DE XOGO, FAITE ÁRBITR@

- Curso de iniciación
- Formación teórica e práctica
- Equipación deportiva completa
- Acreditación para entrar en todos os campos de fútbol
- Retribución económica
- Seguro de accidentes e lesión deportiva



## CURSO INTENSIVO DE ÁRBITRO LUGO

Avenida de Breogán, 37 - Entreplanta CP 27004

981 900 600 689097243  
lugo.arbitros@futgal.es

**Sede Central**  
Est. Mult. de San Lázaro, porta 4  
15707 Santiago de Compostela  
comite.arbitros@futgal.es

**A Coruña**  
Juán de Ciorraga 3 - Baixo  
CP 15008  
coruna.arbitros@futgal.es

**Santiago de Compostela**  
Est. Mult. de San Lázaro, porta 4  
CP 15707  
santiago.arbitros@futgal.es

**Pontevedra**  
Praza de Pasarón, 1 - Baixo  
CP 36005  
pontevedra.arbitros@futgal.es

**Ferrol**  
Avenida de Esteiro, 62-64  
CP 15403  
ferrol.arbitros@futgal.es

**Vigo**  
Manuel de Castro, 40 - Entreplanta  
CP 36210  
vigo.arbitros@futgal.es

**A Costa da Morte**  
Centro Sociocultural de Baio  
Rúa do Pavillón, s/n. CP 15150 Baio (Zas)  
costadamorte.arbitros@futgal.es

**A Mariña**  
Rúa do Río, 10 - Entreplanta  
27880 Burela  
amarina.arbitros@futgal.es

**Lalín - Santiago**  
Complexo Deportivo Lalín Arena  
Avenida Xosé Cuiña, 40. CP 36500  
lalin.arbitros@futgal.es

### CADETE 1º Aut. NORTE

RESULTADOS	
SD Viveiro - CD Foz	1-6
Villalbés B - Lourenzá	3-4
SD Ribadeo - Burela SD	2-0

CLASIFICACIONES	
Equipo	PTS X G E P GF GC
SD RIBADEO	24 8 8 0 0 38 2
C.D. FOZ	18 8 6 0 2 34 15
BURELA S.D.	15 8 5 0 3 35 10
E.D. LOURENZÁ	9 8 3 0 5 18 39
RC VILLALBES "B"	6 8 2 0 6 13 32
S.D. VIVEIRO	0 8 0 0 8 7 47

PRÓXIMA XORNADA	
SD Viveiro - Burela SD	
Villalbés B - CD Foz	
Lourenzá - SD Ribadeo	

### CADETE 1º Aut. CENTRO

RESULTADOS	
Ferrovial - Sagrado	1-0
Casás - Piringalla A	2-0
Residencia B - Polvorin A	0-5

CLASIFICACIONES	
Equipo	PTS X G E P GF GC
EF POLVORIN "A"	29 11 9 2 0 39 2
PIRINGALLA "A"	23 10 7 2 1 33 6
C.P. CASÁS	18 10 6 0 4 24 11
C.D. CASTRO	13 10 4 1 5 22 41
A.D. FERROVIARIA	10 11 3 1 7 11 45
SAGRADO	6 10 2 0 8 10 24
RESIDENCIA "B"	5 10 1 2 7 18 28

PRÓXIMA XORNADA	
Sagrado - Casás	
Piringalla A - Residencia B	
Polvorin A - Castro	

### CADETE 1º Aut. SUR

RESULTADOS	
Becerreá - Monterroso	1-0
Residencia A - Sarriana	4-0
Polvorin B - Piringalla B	2-2

CLASIFICACIONES	
Equipo	PTS X G E P GF GC
RESIDENCIA "A"	22 8 7 1 0 50 2
S.D. BECERREA	21 8 7 0 1 15 11
S.D. MONTERROSO	13 8 4 1 3 19 11
S.D. SARRIANA	8 8 2 2 4 10 13
EF POLVORIN "B"	4 8 1 1 6 7 31
PIRINGALLA "B"	1 8 0 1 7 4 37

PRÓXIMA XORNADA	
SD Becerreá - Piringalla B	
Monterroso - Residencia A	
Sarriana - Polvorin B	

# O Lugo afundiuse nun cruel desenlace final en Santa Isabel

## OS LUCENSES TIVERON UN PENALTI A FAVOR NO MINUTO 80 CON 0-1 NO MARCADOR

e remataron perdendo ante o Conxo tras encaixar dous goles nos últimos dez minutos de xogo



Árbitro: Alfonso Alcalá Rey. Xairo Antelo e Andrés Benito. Campo: Santa Isabel, Santiago

Cruel e inesperado desenlace final de partido o que se viviu no encontro que mediou ao Conxo Santiago e ao Lugo en Santa Isabel, onde os lucenses foron claramente superiores durante oitenta dos noventa minutos de xogo, pero nos dez últimos o partido deu un xiro radical castigando en exceso aos lucenses.

A primeira parte foi un monólogo do Lugo, con dous remates que se estrelaron no poste entre as ocasións máis claras, chegándose ao descanso cun cero a un que semellaba moi curto para os méritos

duns e outros ao longo dos primeiros corenta e cinco minutos, nos que Vila asinou o único gol tras bater ao porteiro compostelán nun man a man tras un bo pase de Schuster.

Ao descanso a sensación era de clara superioridade dun Lugo que volveu ter unha boa posta en escena na segunda parte. Ernesto estrelou o terceiro balón na madeira, nesta ocasión cun lanzamento de falta directa que terminou co balón na cruceta.

Os minutos pasaban en Santa Isabel e o Lugo non conseguía sentenciar o partido, pero o Conxo San-

tiago tampouco daba sin- tomas de poder reaccionar.

A falta de dez minutos para o final, os de Juan Subirán tiveron a mellor ocasión para sentenciar o duelo, cun penalti que non conseguiron transformar.

O Conxo Santiago chegou con vida ao desenlace final, no que empezou a colgar balóns á área lucense, e con dous goles practicamente consecutivos déronlle a volta ao marcador.

A crueldade do tramo final aínda foi maior cando o Lugo conseguiu empatar a dous, pero este gol foi anulado por fóra de xogo e os tres puntos, incomprensiblemente, quedáronse en Santiago.

### Próxima xornada

O Lugo recibirá ao Perines na última xornada da primeira volta, á que chegan sen marxe cos postos de descenso. O seu rival, un clásico na máxima categoría do fútbol base nacional, é décimo con dous puntos máis que os lucenses e presentaranse na Cheda tras empatar co Deportivo na última xornada.



Schuster, asistente no cero a un, gañándolle a partida a un rival na Cheda

# 13

**PUNTOS** para o Lugo nas primeiras 14 xornadas. A unha de rematar a primeira volta, os de Juan Subirán marcan os postos de descenso á Liga Nacional xuvenil

# -7

### GOLES

O Lugo suma 17 goles a tantos nas 14 xornadas e 24 en contra. A falta de contundencia pese a xerar ocasións está sendo un lastre para sumar máis puntos

# 2

**GOLES DE VILA** O lateral albivermello marcou por segunda xornada consecutiva. Estreou a súa conta coa camiseta do Lugo ante o Racing de Ferrol e volveu ver porta en Santiago

CADA LUNS TODA A INFORMACIÓN DO FÚTBOL BASE LUCENSE







Rodrigo protexendo o coiro ante un xogador rival



David Rosón, autor dun gol, lanzando a portaría



Samu co balón controlado en mediocampo

# Nova sinfonía albivermella

**O LUGO B NOQUEOU AO CHOCO NUN INTERCAMBIO DE GOLPES** no que o terceiro clasificado caeu á lona na Cheda. Quinta xornada sen perder e terceira vitoria consecutiva



Árbitro: Iván Abel. Adrián Fernández e Rubén Folgueira. Campo: A Cheda

O gran estado de forma polo que atravesa o CD Lugo B na Liga Nacional xuvenil, con cinco xornadas consecutivas sen perder e tres vitorias segui-

## 420

**MINUTOS SEN ENCAIXAR GOL**  
O récord do Lugo B sen recibir goles rematou á hora de xogo ante o Choco tras máis de catro encontros e medio coa portaría a cero

das, tamén mandou á lona ao Choco, un dos mellores equipos da competición e claro aspirante ao ascenso á División de Honra da man do seu adestrador, o ex xogador do CD Lugo Alberto Suárez.

O Choco presentouse na Cheda desde o podio da Liga

pero sufriu ante o Lugo B. O partido foi intenso, igualado e cun intercambio de golpes no que o filial albivermello impuxo un ritmo constante ao longo dos noventa minutos nos que tivo pegada e contundencia.

A primeira parte transcorreu coas espadas en todo o alto, sen un dominador claro e con alternativas no xogo, mentres que no marcador, tan só Brian atopou o camiño do gol co un a cero pasada a media hora de xogo inicial tras aproveitar unha prolongación de Manu. Antes David Rosón, o mellor xogador do encontro,

provocou un penalti que el mesmo lanzou, pero o porteiro visitante adivinoule as intencións.

Trala tregua do descanso a segunda parte empezou de forma frenética, O Choco empatou á hora de xogo e co un a un no marcador os visitantes crecéronse e meteron ao Lugo B no seu campo, pero os de Brais Prados tiraron de recursos, neste caso do contragolpe.

Nun deles, David Rosón, desquitouse do lanzamento desde os once metros asinando o dous a un co que devolvía a vantaxe no mar-

cador aos lucenses.

O Choco demostrou que é un gran equipo. Non se rendeu e foi con descaro a por o empate, estrelando un balón no poste e obrigando a Chanza a lucirse en dúas ocasións para manter a vantaxe no marcador.

O Lugo B saíu con vida dos seus peores minutos e no treito final matou o partido con dúas contras que finalizaron Juan Carlos e Leandro para levar o marcador ata o avultado catro a un. Xa no desconto, O Choco maquiou o resultado co definitivo catro a dous.

# Se o fútbol dá o que quita, o Villalbés salvarase sen apuros

**UN GOL NO TEMPO DE DESCONTO** privou ao Rácing de puntuar en Nigrán tras asinar de novo un partido moi completo, pero sen recompensa en forma de puntos



Anxo, o mellor xogador en Nigrán, tras un balón no Roca



Árbitro: Pablo Álvarez, Rogelio Veiga e Eduardo Pérez. Campo: Condominguez - Nigrán

O Rácing Villalbés volveu terminar un encontro na Liga Nacional xuvenil con mellores sensacións do que indica o marcador final. Nesta ocasión os de Cholas caeron ademais da forma máis cruel, tras encaixar o dous a un no tempo de desconto.

Pola súa banda o Val Miño B apenas xerou

Ata entón o Villalbés controlara o partido na primeira parte, con moitas chegadas por banda por medio de Speedy e Rares, este último estrelou un balón no poste con cero a cero no marcador.

Pola súa banda o Val Miño B apenas xerou

**“DERROTA DOLOROSA POR CÓMO SE PRODUJO. ESTAMOS EN UNA SITUACIÓN DELICADA, PERO VAMOS A TRABAJAR DURO PARA TRATAR DE REVERTIRLA. ÁNIMO A TODOS LOS JUGADORES”**

CHOLAS - RC Villalbés

### OS MELLORES

#### RC VILLALBÉS

ANXO	3
LÓPEZ	2
MARÍN	2

perigo ante Édgar, pero cando o fixo derrubou a porta co un a cero tras unha acción illada na recta final da primeira parte, pero nada máis sacar de centro, o Villalbés fabricou unha xogada por banda esquerda de Rares que rematou en Speedy, selando o un a un ao final dunha primeira

canto antes, xa que o calendario depara un Villalbés - Deportivo e un Lugo B - Villalbés nas dúas próximas xornadas.

## 2

**PRÓXIMAS JORNADAS** do máis esixentes, nas que o Rácing recibe ao Deportivo no Roca e visita A Cheda para medirse co Lugo B no derbi Provincial

parte na que o conxunto chairego foise con mellores sensacións ao descanso.

Xa no segundo tempo o Val Miño xogou máis fluído e Édgar evitou o dous a un cun par de boas intervencións, pero tamén Anxo acariño o un a dous aínda que as ocasións máis claras do Rácing na segunda parte foron por medio de Anido e David, con sellos lanzamentos de falta directa.

No tramo final o un a un parecía inamovible, pero no tempo de desconto chegou

o xerro de auga fría para o Villalbés ao encaixar o definitivo dous a un. Unha dura derrota da que os chairegos terán que levantarse que levántase o Villalbés fabricou unha xogada por banda esquerda de Rares que rematou en Speedy, selando o un a un ao final dunha primeira

# Volve o idilio Roca-Racing

**SEGUNDA VITORIA CONSECUTIVA NA CASA** para un Villalbés B que sobe ao tren da permanencia na Liga Galega xuvenil tras impoñerse ao Estrada



**+7**

**A FAVOR** nos últimos dous partidos disputados no Roca, tras impoñerse o Racing ao Calasanz B, 4-0, e ao Estrada por 3-0 na Liga Galega xuvenil



Miguel, o máis incisivo na primeira parte, tras regatear a un rival

**"A VER SE FÓRA DA CASA SOMOS CAPACES DE REFRENDAR CON PUNTOS O BO TRABALLO"** IVÁN LAMAS - Villalbés B

O Racing Villalbés e o Roca volven ir da man. Os de Iván Lamas sóbense ao tren da permanencia tras encadenar dúas vitorias en casa con sete goles a favor e ningún en contra. Este último triunfo ademais ante un rival directo como o Estrada.

Os chaireiros foron recoñecibles no Roca, levando o partido ao seu terreo ante un Estrada que se viu superado en practicamente todos os aspectos do xogo. O Villalbés B gañaba as disputas e as segundas xogadas, con Miguel moi incisivo por banda desde os primeiros minutos.

O premio do gol chegou aos vinte de xogo co un a cero que

subiu ao marcador Miguel, tras un pase de Gabri co que se plantou na área e superou ao porteiro rival no man a man cun remate ao pau curto.

Pouco despois, o propio Miguel tivo unha ocasión practicamente calcada na que o balón se foi ao lateral da portaría, e Noel, cun disparo desde fóra da área, amagou cun dous a cero que daba a sensación de que chegaría máis pronto que tarde.

Antes do descanso, Gabri rematou unha falta lateral ao poste e López aproveitou o rexeite para facer o dous a cero, marcador que puido ampliar o propio Gabri cun man a man en pleno monólogo chairego ata que o colexiado



lago Gestó protexendo o balón ante un xogador do Estrada

asubiou o final da primeira parte.

O Estrada non tivo capacidade de reacción no segundo tempo e Gabri sentenciou o partido ao transformar un penalti.

A partir de aí, con todo visto para sentenza, o partido tivo

menos ritmo e con iso diminuíu o goteo de ocasións nun partido dominado por un Villalbés B que buscará na Coruña ante o Orillamar tres puntos para seguir escalando e meter aos herculinos na pelexa pola permanencia.

**Este Viveiro, se non está ao 100%, non ten opcións**

**CONFIADOS** tras estrear a conta de vitorias a domicilio, foron superados polo Calasanz B



Árbitro: David Méndez, Juan Carlos Polo e Raúl López

**"NOS QUEDAN TRES FINALES PARA ACABAR LA PRIMERA VUELTA. NECESITAMOS ESTAR JUNTOS Y CENTRADOS EN HACER LOS MÁXIMOS PUNTOS POSIBLES PARA TENER UNA SEGUNDA VUELTA POSITIVA"**

ANTONIO SERRANO - Viveiro CF

O Viveiro deu a de cal nesta xornada ante o Calasanz B, ben é certo que ante un rival instalado nos primeiros postos da clasificación e ante o que os celestes medíronse con infirmitade de ausencias unha vez máis polas lesións.

Con todo, a clave do un a dous final foi a sensación de comodidade que transmitiu o equipo tras estrear a conta de puntos a domicilio a pasada xornada. O Viveiro non encarou o encontro co coitelo entre os dentes, e sen esa intensidade, este equipo quedábase cunha marxe mínima de puntuar.

No cero a un quedou patente a falta de intensidade. A partir de aí o Calasanz xuntou liñas e esperou ao Viveiro replegado. Aos marriños faltoulles claridade de ideas para circular o balón, e con eles os herculinos estiveron relativamente cómodos ata que apareceu a furia celeste. O capitán Xael Eijo devolveu as táboas ao marcador cun preciso remate tras unha falta lateral antes do descanso. Nada máis empezar a segunda parte chegou o un a dous, e de novo o Viveiro tivo que remar contracorrente aínda que sen a fortuna do gol na segunda parte.

# Un punto ben recibido na Cheda



Árbitro: Javier Pérez, Alberto Blanco e Brenda Lence

A Residencia sumou un punto nun dos encontros que menos o mereceu, xa que por xogo, os de Adrián Vázquez estiveron lonxe do nivel das últimas xornadas.

Pese a iso, os da Cheda manteñen o goteo de puntos

**A RESIDENCIA** sumou nun discreto partido ante o Ural B



Ángel anticipándose a un xogador do Ural B nun lance do xogo

tras sumar en cinco dos últimos sete partidos disputados.

Ante o Ural B, pese a afrontar o choque unha vez máis con moitas ausencias, o encontro púxose de cara moi pronto co un a cero nada máis empezar.

Un despexe de Iván terminou

**OS MELLORES RESIDENCIA**  
**GARCÍA** 2 2 2  
**CONDE** 2 2  
**CANCIO** 2

nun pase para Dani, e este foi derrubado ao borde da área.

Diego Revuelta lanzou a portaría e Borja, coa cana preparada, aproveitou o rexeite para inaugurar o marcador.

A partir de aí, lonxe de ter confianza co marcador a favor, a Residencia nunca atopou o seu

**"NESTE ENCONTRO CONSEGUIMOS PUNTUAR PESE A NON FACER UN BO PARTIDO"**

ADRIÁN VÁZQUEZ - Residencia

sitio no terreo de xogo, chegando tarde á presión e con pouca precisión con balón.

Adrián Vázquez cambiou o debuxo buscando unha reacción no seu equipo con defensa de catro, pero o Ural B continuou sendo superior e empatou tras un saque de esquina no ecuador da primeira parte. E antes do descanso, lesionouse Borja, autor do gol local.

Na segunda parte Yoni evitou o un a dous nos primeiros minutos. Sen chegar a atopar sensacións en ningún momento, a Residencia puido ata sumar os tres puntos con dous remates de Conde, o primeiro estrelouse no poste e no segundo non chegou a conectar ben co balón.





Alesito conducindo o balón en mediocampo

# Hugo Díaz volveu asinar os tres puntos

**3 GOLES DO CENTROCAMPISTA QUE VALEN 9 PUNTOS,** xa que sempre desnivelaron empates a favor do CD Lugo



Árbitro: Jorge Méndez. Iago Castro e Ismael Martínez. Campo: A Cheda

O Lugo volveu á senda da vitoria ante o Conxo Santiago nun partido de moito ritmo na primeira parte que terminou descolgando aos composteláns nun segundo tempo de claro dominio lucense.

O gol da vitoria volveu asinar Hugo Díaz, experto en desnivelar marcadores con máxima rentabilidade dos seus goles, xa que o

centrocampista albivermello marcou esta tempada tres tantos que valen un total de 9 puntos.

Os últimos tres na Cheda ante o Conxo Santiago. O Lugo afrontou o encontro cun 4-3-3 para intentar presionar en campo rival, meténdolle un ritmo moi alto ao xogo que os composteláns conseguiron igualar na primeira parte.

O Lugo adiantouse rápido no marcador, aos dez minutos tras un roubo de balón no mediocampo que Lombardía culminou tras unha parede con Gabri.

O Conxo Santiago daba sensación de perigo con fútbol directo sobre a súa referencia ofensiva, e nunha destas accións, á media hora de xogo, chegou o empate a un.

As espadas mantivéronse en todo o alto ao longo da primeira parte, pero tralo paso polos vestiarios aos composteláns acendéuselles a luz da reserva, mentres que o Lugo aínda tivo fuelle para manter un ritmo alto de xogo co que descolgaron ao Conxo Santiago.

O carrusel de ocasións foi unha constante, pero o un a dous resistíase. Lombardía, Alejandro e Borja dispuxeron de ocasións claras, pero sería Hugo Díaz o

## 3

**GOLES DECISIVOS** Hugo Díaz segue rentabilizando ao máximos os seus goles para o CD Lugo. O primeiro foi ante o Xuventude Orosa, 1-0, o segundo ante o Bergantiños para desfacerlo momentáneo empate a dous, e o terceiro ante o Conxo para asinar o 2-1 final

único que atopara o camiño do gol.

Pablo filtrou un bo pase para que Hugo Díaz, tras entrar na área, batese ao porteiro compostelano cun certo remate cruzado co que puxo fin á resistencia visitante cando tan só restaban seis minutos para o final do encontro.

O Lugo terminou cun 4-2-3-1 tirando de solvencia e sen pasar por complicacións para manter a vantaxe ata o asubio final do colegiado.



Freire a piques de anticiparse a un xogador compostelán



Gabri presionando a un xogador do Conxo Santiago

## Punto que sabe a pouco na Frigsa para a Milagrosa

**TRES PARTIDOS SEGUIDOS NA CASA** sen marcar pese a xerar os lucenses moitas ocasións de gol



Árbitro: Jesús López. Adrián López e Anai Vázquez

**"SEGUIMOS SIN PERDER, PERO SE NOS ESCAPARON DOS PUNTOS POR NO CONCRETAR ALGUNA DE LAS OCAISIONES QUE GENERAMOS A LO LARGO DEL ENCUENTRO"**

MADRILES - Milagrosa

## 3

**ÚLTIMOS PARTIDOS** en Frigsa sen ver porta. Ante Deportivo, Montañeros e Ural B, a Milagrosa quedouse sen marcar

A Milagrosa volveu resignar a sumar tan só parte do botín pese a merecelo todo. Os de Madriles, que ante a falta de acerto no remate xa suman tres encontros consecutivos sen ver portería en Frigsa, apelaron á solvencia defensiva para

manter o cero a cero inicial ata o asubio final.

Na primeira parte Diego Cabarcos e Juan tiveron as dúas ocasións máis claras para inaugurar o marcador ante un Ural B que

apenas chegou aos dominios de Borja.

Tralo descanso a Milagrosa continuou sendo superior ante un rival que sempre intentou xogar o balón, pero que non puido xerar perigo, terminando Borja o encontro sen ter que realizar ningunha intervención.

Pola súa banda, os lucenses mantiveron un goteo constante de chegadas, sendo as máis claras por medio de Rafa e Marco, pero sen o premio dun gol que se segue resistindo en Frigsa.

### Próximas xornadas

A Milagrosa xogará os seus dous próximos encontros a domicilio, primeiro visitando en Carballo ao Bergantiños, e despois viaxarán a Boiro para despedir a primeira volta en Frigsa ante o Imperator da Coruña.

**OS MELLORES**

<b>MILAGROSA</b>	
MIGUEL	👤👤👤
RAFA	👤👤
JUAN	👤

## O Lugo B perdoou no inicio e pagouno na segunda parte

**NA PRIMEIRA** os de Antón Méndez foron mellores, pero tralo descanso perderon o control do xogo



Árbitro: Bruno Méndez. Óscar Santos e Manuel Rodríguez

## 2

### PARTIDOS A CERO

Os albivermellos no marcaron ante o Racing Villabás no derbi nin ante o Dumbria, nas dúas últimas xornadas, pese a dispoñer de ocasións claras de gol

## 3

**CENTRAIS** Antón Méndez planteou o encontro con defensa de cinco en Dumbria, unha novidade que non conveu ao remate do encontro

O Lugo B foi de máis a menos en Dumbria, nun partido marcado polo cambio de sistema de xogo nos lucenses e pola ausencia de Manu Ferreiro.

Nos primeiros corenta minutos os de Antón Méndez tiveron o control do xogo e as mellores oca-

sións ante un Dumbria moi replegado.

Dani, con todo o carril diestro para el, foi o máis incisivo na primeira parte, dispoñendo da primeira ocasión aos dez minutos cun remate que se foi lixeiramente desviado, e no ecuador da primeira parte

dúas chegadas do carrilero por banda con senllos centros que se pasearon pola área pequena sen atopar rematador, foron as ocasións máis claras ante un Dumbria que non inquietou en ataque ata chegar ao descanso.

Nos vestiarios o partido cambiou de rumbo. O Dumbria, con máis intensidade, empezou a xerar perigo, e Raúl tivo que evitar o un a cero cun par de boas intervencións ata que á hora de partido os locais inauguraron o marcador tras unha perda de balón preto da área. Outra perda, nesta ocasión en zona de creación, desencadeou no dous a cero co que o Dumbria sentenciou o encontro a dez minutos para o final.

O Lugo B, tras dúas derrotas consecutivas, quedábase a 5 puntos dos postos de descenso, que marca o Viveiro, próximo rival dos capitalinos nas Gándaras.

# O gol segue sendo unha pena máxima

O RÁcing VILLALBÉS errou os 5 penaltis que lanzou esta tempada, o último ante o Estrada. Malia iso, terceira xornada consecutiva puntuando



Árbitro: Pedro Castro. Jesús Carballeira e Xoel Gacio. Campo: Estadio Roca, Vilalba

Terceira xornada consecutiva puntuando para un Rácing Villalbés que, con todo, segue merecendo máis premio en forma de puntos dos que recibe ao final dos encontros.

Unha vez que os chairesos corrixiron as lagoas defensivas, só un gol encaixado nos tres últimos encontros, marcar é agora a asignatura pendente nun

Rácing que fallou os cinco penaltis que lanzou ao longo desta tempada. O último, na recta final ante o Estrada o pasado venres.

Ata entón o Villalbés foi mellor ante un rival que apenas inquietou en ataque e que se mantivo replegado ao longo dos oitenta minutos.

Na primeira parte os de Jandro Novoa tiveron unha boa circulación de balón por

**“EL TRABAJO QUE REALIZA EL EQUIPO A LO LARGO DE LA SEMANA SIGUE DANDO SUS FRUTOS Y SEGUIMOS MANTENIENDO UNA RACHA DE PUNTOS QUE NOS DAN MORAL”** JANDRO NOVOA - Villalbés

momentos, con Miguel ao mando das operacións no mediocampo, un remate de Javi tras unha falta lateral e un disparo de Carlos que

## OS MELLORES

### RC VILLALBÉS

MIGUEL   

CARLOS  

VICENTE 

de Anxo e un remate cruzado de Miguel.

A culminación final parecía que chegaría na recta final, cando Carlos foi derrubado dentro da área. Un novo penalti a favor do Villalbés e un novo lanzador, pero co mesmo guiñón e desenlace que

Na segunda parte mantívose o mesmo guiñón. O Rácing dominando e o Estrada, replegado, buscando fútbol directo co seu punta, moi controlado por Hugo e Vicente, este último asentado no centro da zaga no seu terceiro encontro como titular.

O gol parecía cuestión de tempo no Roca, sobre todo tras unha ocasión moi clara

os catro últimos, parando o goteo de puntos, que confirmo a melloría defensiva e que reafirma o traballo que están facendo o de Jandro Novoa para saír dos últimos postos da clasificación.

Un empate que mantén o goteo de puntos, que confirma a melloría defensiva e que reafirma o traballo que están facendo o de Jandro Novoa para saír dos últimos postos da clasificación.



Carlos a punto de anticiparse a un rival no Roca



Miguel golpeando o balón en medio campo



Álex Gimeno a piques de superar a un rival

# O Marcos Gómez aférrase á permanencia na Liga Galega

## 2

### INFANTÍS CON MINUTOS

Adri Díaz e Xoel Ferro deronlle ao equipo forza e calidade na segunda parte para manter a renda no marcador ante o Calasanz B

**TERCEIRA VITORIA CONSECUTIVA DO VIVEIRO NA CASA**, segunda ante un rival directo. Os de Sergio Iglesias sumaron os seus 13 puntos coma locais



O plantel do Viveiro CF cadete celebrando o triunfo ao remate do encontro no Cembedo


Un penalti provocado por Boixet e transformado por Hugo á media hora de xogo, deulle ao Viveiro a terceira vitoria consecutiva no Marcos Gómez, a segunda ante un rival directo na loita pola permanencia tras impoñerse

tamén por un a cero ao Rácing Villalbés.

Os de Sergio Iglesias sumaron os 13 puntos cos que contan na clasificación en casa. O Marcos Gómez está sendo un fortín para os celestes, pero necesitan puntuar fóra para non

xogar a unha soa carta. A próxima saída é ás Gándaras para medirse co Lugo B nun novo derbi Provincial, antes de recibir nunha nova final ao Estrada, último clasificado, en casa.

O Viveiro volveu ser o contrario do que é fóra de



Árbitro: José Manuel Graña. Juan Carlos Polo e Raúl López. Campo: Marcos Gómez, Viveiro

case e mostrouse como un equipo sólido e compacto desde os primeiros minutos, sen escatimar esforzos e sendo solidarios.

Bruno e Lucas foron as fontes de perigo en ataque con chegadas por banda, ata que á media hora Boi-

xet foi derrubado na área e Hugo asumiu a responsabilidade de transformar a pena máxima.

Tralo descanso o Calasanz B apurou as súas opcións cos cambios, metendo máis xogadores de ataque e obrigando a

**“ME QUEDO CON LA CONSISTENCIA QUE TIENE EL EQUIPO EN CASA Y LO SOLIDARIOS QUE HAN SIDO LOS JUGADORES A LO LARGO DEL ENCUENTRO PARA SUMAR ESTA VICTORIA TAN IMPORTANTE PARA NOSOTROS”**

SERGIO IGLESIAS - Viveiro CF

defenderse a un Viveiro que non lle perdeu a cara ao partido en ningún momento.

Os celestes xuntaron filas en defensa, apenas concederon ocasións e á contra e cun par de xogadas de estratexia puideron sentenciar o encontro.

Ao final, terceira vitoria consecutiva nun Marcos Gómez que visitará o Estrada, último clasificado, trala escala que farán os celestes nas Gándaras para medirse a próxima xornada ao Lugo B no derbi Provincial.



# Ao Viveiro escapáronse dous puntos de ouro no treito final

**4-2 GAÑABAN OS CELESTES A 9 MINUTOS DO FINAL,** tempo no que o Bergantiños recortou distancias e empatou sobre a bucina. Antes, os mariños remontaran o momentáneo 1-2



Árbitro: Ángel Ron Valle, Manuel Martínez e Raúl López. Campo: Marcos Gómez, Viveiro

O Viveiro deixou escapar parte do botín en xogo no Marcos Gómez tras encaixar dous goles nos últimos dez minutos ante o Bergantiños, nun partido que mediou a dous equipos que loitarán pola permanencia na segunda fase da Liga Galega infantil.

Cada punto vale o seu peso en ouro de cara á segunda fase, na que os

equipos empezarán coa metade dos puntos que sumen nesta primeira rolda.

Os de Fidi presentáronse ao encontro con boas sensacións trala vitoria en Lalín, e desde os primeiros minutos buscaron os tres puntos.

Aos nove de xogo David inaugurou o marcador tras un córner en contra do Viveiro no que o extremo, tras regatear a dous defen-



Javi Barja foi o autor de dous dos goles do Viveiro

sas, plantouse só no man a man para superar ao porteiro visitante.

Lonxe de acougarase o encontro co un a cero, o Bergantiños pescou en río revolto. Primeiro co empate a un, e á media hora de

xogo co momentáneo un a dous.

O Viveiro superou os seus peores momentos e, tras estrelar Samu un balón no poste, Adri sacou unha falta ao corazón da área. Javi Barja apareceu

**“SE NOS ESCAPÓ UN PARTIDO QUE TENÍAMOS CONTROLADO Y EN EL QUE MERECEMOS LA VICTORIA, PERO DE ESTOS ENCUENTROS TAMBIÉN SE APRENDE”** FIDI- Viveiro SD

para empatar o encontro no último minuto da primeira parte e chegar ao descanso con dous a dous no marcador.

No intermedio Fidi soltou a Adri á banda para ter máis protagonismo con balón e o Viveiro meteu ao Bergantiños no seu campo. De novo o dez celeste sacou unha falta que, como no empate a dous, rematou ao fondo das mallas Javi Barja asinando o seu segundo gol para poñer por diante de novo aos mariños.

O Viveiro non se conformou e puxo terra polo medio no marcador co catro a dous que subiu ao marcador Adri cun certeiro disparo cruzado, nun novo encontro no

que terminou con gol e dúas asistencias.

Á recta final o Viveiro chegou con dous goles de vantaxe, pero co equipo un pouco descompensado polos cambios obriguados por lesións e tarxetas. O Bergantiños meteu o medo no corpo co catro a tres tras unha serie de rexeites na área local, e no sprint final do tempo de desconto os visitantes rabuñaron un punto co definitivo empate a catro.

**Derbi Provincial**

A próxima xornada o Viveiro visita As Gándaras para medirse co Lugo no gran derbi Provincial da Liga Galega infantil.

**OS MELLORES**

<b>VIVEIRO SD</b>	
JAVI BARJA	👍👍👍
DANI M.	👍👍
ADRI	👍

# De novo no corte dos oito primeiros tras un duelo directo

**O TRIUNFO DO LUGO ANTE O VICTORIA** devolve aos de Jony aos postos dos equipos que loitarán polo título Galego a falta de tres xornada para o remate da primeira fase



Pepe sacando o balón controlado nas Gándaras



Árbitro: Nicolás Eliespe, Alex García e Raúl Ferreiro. Campo: Sergas, Santiago de Compostela

O Lugo recuperou unha praza entre os oito primeiros clasificados tras impoñerse en Santiago de Compostela a Victoria. Un rival directo na loita por entrar no corte dos equipos que loitarán polo título Galego e que se manterá ao longo das

tres últimas xornadas que restan para finalizar esta primeira fase.

A lesión de Anxo no quencemento obrigou a facer cambios sobre a marcha a Jony, pero o Lugo tivo unha gran posta en escena e puxo o partido de cara moi pronto co

un a cero aos seis minutos de xogo. Un gol que subiu ao marcador Dani cun disparo desde fóra da área que desviou un defensa facendo unha parábola imposible de parar para o porteiro local.

A partir de aí o Victoria fíxose co balón e o Lugo se replegou para evitar os balóns ao espazo nos que os composteláns explotaban a velocidade dos seus dianteiros.

A ocasión máis clara para empatar por parte dos locais chegou cunha falta afastada que se estrelou no largueiro, pero o Lugo mantivo a vantaxe ata a segunda parte na que de novo, o Victoria estrelou outro balón no largueiro noutra falta, esta ao borde da área. Co paso dos minutos o

## 2

**VICTORIAS CONSECUTIVAS**

O Lugo sumou sete dos últimos nove puntos en xogo, con plenas nas últimas dúas xornadas para volver a estar entre os oito primeiros clasificados

## 3

**XORNADAS**

para o remate da primeira fase, na que os albiavermellos recibirán nas Gándaras ao Viveiro e Lalín e visitan ao Bergantiños en Carballo

Lugo intentou concretar algunha contra, pero non tivo ocasións claras ata que chegou a sentenza do cero a dous.



Jose plantouse nun man a man co porteiro compostelán, que rexeitou o balón. Este foi para Dani, que ampliou a vantaxe nunha recta final de partido na que Jorge mantivo a súa portería a cero cunha boa intervención.

**Derbi Provincial**

O Lugo recibirá ao Viveiro a próxima xornada nun derbi no que os dous equipos xóganse moito.



## CLASIFICACIÓN DOS MELLORES EN REGULARIDADE E GOLES

Trofeo Jorge Tato XUVENIL SUPERIORES			Regularidade XUVENIL SUPERIORES			 Pichichi CADETE SUPERIORES			Regularidade CADETE SUPERIORES			 Pichichi INFANTIL SUPERIORES			Regularidade INFANTIL SUPERIORES		
Xogador	Equipo	G.	Xogador	Equipo	P.	Xogador	Equipo	G.	Xogador	Equipo	P.	Xogador	Equipo	G.	Xogador	Equipo	P.
<b>XOEL EJO</b>	Viveiro CF	9	<b>LÓPEZ</b>	RC Villalbés	20	<b>AYMAN</b>	CD Lugo B	7	<b>LUCAS</b>	Viveiro CF	21	<b>XOEL F.</b>	SD Viveiro	13	<b>MATEO</b>	SD Viveiro	11
<b>DIEGO</b>	Viveiro CF	6	<b>GARCIA</b>	Residencia	16	<b>FREIRE</b>	CD Lugo	4	<b>MIGUEL</b>	Milagrosa	19	<b>ADRI</b>	SD Viveiro	11	<b>JAVI B.</b>	SD Viveiro	11
<b>SCHUSTER</b>	CD Lugo	5	<b>TRASI</b>	Viveiro CF	13	<b>LOMBA</b>	CD Lugo	4	<b>MARTÍN</b>	RC Villalbés	12	<b>ANDRÉ</b>	CD Lugo	6	<b>XOEL FERRO</b>	SD Viveiro	8
<b>DAVID</b>	RC Villalbés	5	<b>DANI</b>	RC Villalbés B	12	<b>HUGO</b>	CD Lugo	4	<b>DAVID</b>	Viveiro CF	12	<b>JOSE</b>	CD Lugo	6	<b>NAIM</b>	SD Viveiro	4
<b>GABRI</b>	RC Villalbés B	5	<b>CONDE</b>	Residencia	11	<b>BORJA</b>	CD Lugo	3	<b>JUAN</b>	Milagrosa	11	<b>DIEGO</b>	CD Lugo	6	<b>SAMUEL</b>	SD Viveiro	4
<b>GABARRE</b>	CD Lugo	4	<b>LÓPEZ</b>	RC Villalbés B	10	<b>RAFA</b>	Milagrosa	3	<b>CABARCOS</b>	Milagrosa	9	<b>DANI</b>	CD Lugo	6	<b>ÁLVARO</b>	SD Viveiro	3
<b>MANU</b>	CD Lugo B	4	<b>SPEEDY</b>	RC Villalbés	9	<b>CABARCOS</b>	Milagrosa	3	<b>RAFA</b>	Milagrosa	9	<b>BRUNO</b>	CD Lugo	2	<b>DAVID A.</b>	SD Viveiro	3
<b>BRIAN</b>	CD Lugo B	4	<b>I. GESTO</b>	RC Villalbés B	9	<b>DIEGO</b>	Milagrosa	3	<b>ALBERTO</b>	RC Villalbés	9	<b>SAMUEL</b>	SD Viveiro	2	<b>RAFA</b>	SD Viveiro	3
<b>SPEEDY</b>	RC Villalbés	4	<b>LIS</b>	Residencia	9	<b>CRISTIAN</b>	RC Villalbés	3	<b>HUGO</b>	Viveiro CF	9	<b>RAFA</b>	SD Viveiro	2	<b>ADRI</b>	SD Viveiro	2
<b>BUJÁN</b>	RC Villalbés B	3	<b>GÓMEZ</b>	Viveiro CF	9	<b>BORJA</b>	CD Lugo B	2	<b>DIEGO</b>	RC Villalbés	8	<b>DAVID DIAZ</b>	SD Viveiro	2	<b>JUAN LIZ</b>	SD Viveiro	2
<b>MIGUEL</b>	RC Villalbés B	3	<b>ANXO</b>	RC Villalbés	8	<b>MANU</b>	CD Lugo B	2	<b>CARLOS</b>	RC Villalbés	8	<b>JAVI R.</b>	SD Viveiro	2	<b>JAVI ILLÁN</b>	SD Viveiro	2
<b>NOEL</b>	Viveiro CF	3	<b>NOEL</b>	RC Villalbés B	8	<b>PÉREZ</b>	CD Lugo B	2	<b>VEIGA</b>	Viveiro CF	8	<b>XAVI I.</b>	CD Lugo	1	<b>DAVID M.</b>	SD Viveiro	2
<b>BORJA</b>	Viveiro CF	3	<b>DAVID</b>	RC Villalbés	7	<b>ANTÓN</b>	CD Lugo B	2	<b>HUGO</b>	RC Villalbés	7	<b>RAÚL V.</b>	CD Lugo	1	<b>DAVID DIAZ</b>	SD Viveiro	1
<b>ÓSCAR</b>	CD Lugo	2	<b>RARES</b>	RC Villalbés	7	<b>MIGUEL</b>	Milagrosa	2	<b>HUGO</b>	Milagrosa	6	<b>PEPE</b>	CD Lugo	1	<b>XOEL P.</b>	SD Viveiro	1
<b>VILA</b>	CD Lugo	2	<b>MIGUEL</b>	RC Villalbés B	7	<b>MARCO</b>	Milagrosa	2	<b>AMADO</b>	RC Villalbés	6	<b>LUCAS</b>	CD Lugo	1	<b>ARZA</b>	SD Viveiro	1
<b>SAMU</b>	CD Lugo B	2	<b>GABRI</b>	RC Villalbés	6	<b>CARLOS</b>	RC Villalbés	2	<b>NOEL</b>	RC Villalbés	6	<b>VILLA</b>	CD Lugo	1	-	-	-
<b>MATEO</b>	CD Lugo B	2	<b>XAIRO</b>	RC Villalbés	6	<b>ADRIÁN</b>	Viveiro CF	2	<b>PABLO</b>	Viveiro CF	6	<b>XOEL P.</b>	SD Viveiro	1	-	-	-
<b>ROSÓN</b>	CD Lugo B	2	<b>GABRI</b>	RC Villalbés B	6	<b>LUCAS</b>	Viveiro CF	2	<b>SERGIO</b>	Viveiro CF	6	-	-	-	-	-	-
<b>LEANDRO</b>	CD Lugo B	2	<b>DENIS</b>	RC Villalbés B	6	<b>LUIS</b>	CD Lugo	1	<b>BRAIS</b>	Milagrosa	5	-	-	-	-	-	-
<b>GABRI</b>	RC Villalbés	2	<b>JAVI</b>	RC Villalbés B	5	<b>MANEL</b>	CD Lugo	1	<b>MARCO</b>	Milagrosa	5	-	-	-	-	-	-
<b>NICO</b>	RC Villalbés	2	<b>YAGO</b>	Residencia	5	<b>ALESITO</b>	CD Lugo	1	<b>JAVI</b>	RC Villalbés	5	-	-	-	-	-	-
<b>LÓPEZ</b>	RC Villalbés B	2	<b>ROI</b>	Residencia	5	<b>XOEL I.</b>	CD Lugo	1	<b>MIGUEL</b>	RC Villalbés	5	-	-	-	-	-	-
<b>I. GESTO</b>	RC Villalbés B	2	<b>ANIDO</b>	RC Villalbés	4	<b>BUIDE</b>	CD Lugo B	1	<b>LEO</b>	Milagrosa	4	-	-	-	-	-	-
<b>Residencia</b>		2	<b>SANTI</b>	RC Villalbés B	4	<b>ROSÓN</b>	CD Lugo B	1	<b>CRISTIAN</b>	RC Villalbés	4	-	-	-	-	-	-
<b>FONSECA</b>	Residencia	2	<b>DE LA IGLESIA</b>	Residencia	4	<b>JUAN</b>	Milagrosa	1	<b>MARCOS</b>	Viveiro CF	4	-	-	-	-	-	-
<b>CONDE</b>	Residencia	2	<b>ADRI</b>	Residencia	4	<b>ÓSCAR</b>	RC Villalbés	1	<b>BUIDE</b>	CD Lugo B	3	-	-	-	-	-	-
<b>YAGO</b>	CD Lugo	1	<b>NOEL</b>	Viveiro CF	4	<b>NOEL</b>	RC Villalbés	1	<b>NICO</b>	Milagrosa	3	-	-	-	-	-	-
<b>MARTÍN</b>	CD Lugo	1	<b>BOIXET</b>	Viveiro CF	4	<b>MIGUEL</b>	RC Villalbés	1	<b>ANXO</b>	RC Villalbés	3	-	-	-	-	-	-
<b>DAMIÁN</b>	CD Lugo	1	<b>BUJÁN</b>	RC Villalbés	3	<b>MARTÍN</b>	RC Villalbés	1	<b>ÁLEX G.</b>	RC Villalbés	3	-	-	-	-	-	-
<b>GÓMEZ</b>	CD Lugo	1	<b>NICO</b>	RC Villalbés	3	<b>JAVI</b>	RC Villalbés	1	<b>BOIXET</b>	Viveiro CF	3	-	-	-	-	-	-
<b>XABI D.</b>	CD Lugo	1	<b>ÁLEX</b>	RC Villalbés B	3	<b>ANXO</b>	RC Villalbés	1	<b>MANU F.</b>	CD Lugo B	2	-	-	-	-	-	-
<b>GUITIÁN</b>	CD Lugo	1	<b>BUJÁN</b>	RC Villalbés B	3	<b>JOSE</b>	RC Villalbés	1	<b>CRIS</b>	Milagrosa	2	-	-	-	-	-	-
<b>ERNESTO</b>	CD Lugo	1	<b>PEDRO</b>	RC Villalbés B	3	<b>MENDAÑA</b>	Viveiro CF	1	<b>MARIO</b>	RC Villalbés	2	-	-	-	-	-	-
<b>ASIER</b>	CD Lugo B	1	<b>DANI</b>	Residencia	3	<b>HUGO</b>	Viveiro CF	1	<b>LOSADA</b>	RC Villalbés	2	-	-	-	-	-	-
<b>RODRIGO</b>	CD Lugo B	1	<b>DANI</b>	Residencia	3	<b>JAVI</b>	Viveiro CF	1	<b>ADRIÁN</b>	Viveiro CF	2	-	-	-	-	-	-
<b>JAVI</b>	CD Lugo B	1	<b>CANCIO</b>	Residencia	3	<b>PABLO</b>	Viveiro CF	1	<b>ROSON</b>	CD Lugo B	1	-	-	-	-	-	-
<b>HERRERO</b>	CD Lugo B	1	<b>DAVID</b>	Residencia	3	-	-	-	<b>CRISTIAN</b>	Milagrosa	1	-	-	-	-	-	-
<b>CASTRÍN</b>	CD Lugo B	1	<b>FONSECA</b>	Residencia	3	-	-	-	<b>MIGUEL</b>	Milagrosa	1	-	-	-	-	-	-
<b>PÉREZ</b>	CD Lugo B	1	<b>YOEL</b>	Residencia	3	-	-	-	<b>MARIO</b>	Milagrosa	1	-	-	-	-	-	-
<b>MARTÍN</b>	RC Villalbés	1	<b>JUAN</b>	Viveiro CF	3	-	-	-	<b>MIGUEL</b>	RC Villalbés	1	-	-	-	-	-	-
<b>MARÍN</b>	RC Villalbés	1	<b>ASIER</b>	RC Villalbés	2	-	-	-	<b>JOSE</b>	RC Villalbés	1	-	-	-	-	-	-
<b>ABEL</b>	RC Villalbés	1	<b>MARTÍN</b>	RC Villalbés	2	-	-	-	<b>LUCAS</b>	Viveiro CF	1	-	-	-	-	-	-
<b>ANIDO</b>	RC Villalbés	1	<b>RAÚL</b>	RC Villalbés B	2	-	-	-	<b>MARTÍN</b>	Viveiro CF	1	-	-	-	-	-	-
<b>XAIRO</b>	RC Villalbés	1	<b>DIEGO</b>	RC Villalbés B	2	-	-	-	<b>CARLOS</b>	Viveiro CF	1	-	-	-	-	-	-
<b>ABEL</b>	RC Villalbés B	1	<b>GABI</b>	RC Villalbés B	2	-	-	-	<b>VICENTE</b>	RC Villalbés	1	-	-	-	-	-	-
<b>SANTI</b>	RC Villalbés B	1	<b>JONI</b>	Residencia	2	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
<b>DANI</b>	RC Villalbés B	1	<b>DIEGO</b>	Viveiro CF	2	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
<b>IVÁN</b>	Residencia	1	<b>XOEL EJO</b>	Viveiro CF	2	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
<b>DANI</b>	Residencia	1	<b>EDGAR</b>	RC Villalbés	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
<b>CANCIO</b>	Residencia	1	<b>CABADO</b>	RC Villalbés B	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
<b>ROI</b>	Residencia	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-

CADA LUNS TODA A INFORMACIÓN  
DO FÚTBOL BASE LUCENSE



# O Provincial aínda ten dúas prazas libres a falta de dúas xornadas

**RIBADEO, POLVORÍN A, PIRINGALLA, RESIDENCIA A E BECERREÁ** son os equipos co billete para a segunda fase asegurado. Clasifícanse os dous primeiros e o mellor terceiro dos tres grupos



O Polvorín A, clasificado para o Provincial, defenderá o título acadado a tempada pasada

O soño de disputar Provincial cadete está cada vez máis preto e máis lonxe para os equipos lucenses. A fase final cadete ten sete prazas, e cinco delas xa están adjudicadas para Ribadeo, Polvorín, Piringalla, Residencia A e Becerreá. As dúas restantes están aínda no aire a falta de dúas xornadas para o remate da primeira fase.

Coas dúas primeiras prazas nos grupos Centro e Sur xa adjudicadas, e o Ribadeo tamén clasificado no grupo Norte, o máis interesante a falta de dúas xornadas para a conclusión da primeira fase é o duelo polo segundo posto entre Foz e Burela. Os de Ares caeron na última xornada fronte ao líder, e o triunfo do Foz contra a SD Viveiro dá a segunda praza aos de Burunda, que agora dependen de si mesmos para clasificarse como segundos.

Por diante dúas xornadas nas que os focenses, tres puntos por riba dos da Marosa pero co average particular perdido, enfrontaríanse a Racing Villalbés B na Magdalena, e ao líder invicto, Ribadeo, na última xornada. O Burela, pola súa banda, visita ao Viveiro tralo parón desta fin de semana e recibirá na Marosa ao Lourenzà na

CLASIFICACIÓNS CADETE PROVINCIAL												
<b>CADETE 1º Aut. NORTE</b>				<b>CADETE 1º Aut. CENTRO</b>				<b>CADETE 1º Aut. SUR</b>				
<b>RESULTADOS</b>				<b>RESULTADOS</b>				<b>RESULTADOS</b>				
SD Viveiro - CD Foz 1-6				Ferroviaria - Sagrado 1-0				Becerreá - Monterroso 1-0				
Villalbés B - Lourenzà 3-4				Casás - Piringalla A 2-0				Residencia A - Sarriana 4-0				
SD Ribadeo - Burela SD 2-0				Residencia B - Polvorín A 0-5				Polvorín B - Piringalla B 2-2				
<b>CLASIFICACIÓNS</b>				<b>CLASIFICACIÓNS</b>				<b>CLASIFICACIÓNS</b>				
Equipo Pts X G E P GF GC				Equipo Pts X G E P GF GC				Equipo Pts X G E P GF GC				
SD RIBADEO 24 8 8 0 0 38 2				EF POLVORIN "A" 29 11 9 2 0 39 2				RESIDENCIA "A" 22 8 7 1 0 50 2				
CD FOZ 18 8 6 0 2 34 15				PIRINGALLA "A" 23 10 7 2 1 33 6				SD BECERREA 21 8 7 0 1 15 11				
BURELA SD 15 8 5 0 3 35 10				C.P CASÁS 18 10 6 0 4 24 11				SD MONTEROSO 13 8 4 1 3 19 11				
E.D LOURENZÀ 9 8 3 0 5 18 39				CD CASTRO 13 10 4 1 5 22 41				SD SARRIANA 8 8 2 2 4 10 13				
RC VILLALBÉS "B" 6 8 2 0 6 13 32				AD FERROVIARIA 10 11 3 1 7 11 45				EF POLVORIN "B" 4 8 1 1 6 7 31				
SD VIVEIRO 0 8 0 0 8 7 47				SAGRADO 6 10 2 0 8 10 24				PIRINGALLA "B" 1 8 0 1 7 4 37				
<b>PRÓXIMA XORNADA</b>				<b>PRÓXIMA XORNADA</b>				<b>PRÓXIMA XORNADA</b>				
SD Viveiro - Burela SD				Sagrado - Casás				SD Becerreá - Piringalla B				
Villalbés B - CD Foz				Piringalla A - Residencia B				Monterroso - Residencia A				
Lourenzà - SD Ribadeo				Polvorín A - Castro				Sarriana - Polvorín B				

derradeira xornada. O Foz depende de si mesmo, pero si o Burela non tropeza, os de Burunda teñen a obriga de sumar polo menos catro dos últimos seis puntos en xogo para lograr a segunda praza. No grupo centro, Polvorín A e Piringalla teñen asegurada a súa clasificación pese ao tropezo dos laranxas fronte a Casás, que grazas aos goles de Iván e Sami na pasada xornada aínda se manteñen na loita por unha praza no Provincial, tendo serias opcións de alzarse co terceiro mellor posto. No Grupo Sur, con Residencia e Becerreá clasificados matematicamente,

queda fóra da loita por ser o mellor terceiro o Monterroso, tras caer contra os da montaña nun encontro no que os de Adrián Vázquez mereceron mellor premio.

Volven á competición esta próxima fin de semana ante a Residencia A, rival ao que porán a proba da súa condición de invicto no que vai de tempada.



O Polvorín caeu na fase de ascenso ante o Compostela

<b>Pichichi CADETE PROVINCIAL</b>			<b>Regularidade CADETE PROVINCIAL</b>		
Xogador	Equipo	G.	Xogador	Equipo	P.
<b>MANU</b>	Castro	15	<b>MANU</b>	Castro	17
<b>ABUÍN</b>	CD Foz	14	<b>ADAN</b>	Piringalla A	15
<b>MANU</b>	Resi A	11	<b>GOAS</b>	Resi A	15
<b>HUGO S.</b>	Burela	9	<b>NACHO</b>	Sarriana	15
<b>IVÁN</b>	Burela	9	<b>CARLOS</b>	CD Foz	13
<b>SERGIO</b>	CD Foz	8	<b>SERGIO</b>	CD Foz	12
<b>MANU</b>	Piringalla A	8	<b>FUSTES</b>	Viveiro B	12
<b>GOÁS</b>	Resi A	8	<b>IAGO</b>	Becerreá	11
<b>ÁLEX</b>	Ribadeo	8	<b>ABUÍN</b>	CD Foz	11
<b>NICO</b>	Ribadeo	8	<b>RAÚL</b>	Ferroviaria	10
<b>IKER</b>	Piringalla A	7	<b>EDU</b>	Lourenzà	10
<b>CRISTOBAL</b>	Piringalla A	7	<b>NICO</b>	Monterroso	10
<b>JOSE</b>	Polvorín A	7	<b>ERIK</b>	Resi B	10
<b>CARLOS</b>	Becerreá	6	<b>MIGUEL A.</b>	Ribadeo	10
<b>YAGUITO</b>	Polvorín A	6	<b>FRAN</b>	Sagrado C.	10
<b>DAVID</b>	Polvorín A	6	<b>CARLOS</b>	Becerreá	9
<b>OTERO</b>	Becerreá	5	<b>DANI</b>	Casás	9
<b>AARÓN</b>	Burela	5	<b>HUERTAS</b>	Lourenzà	9
<b>SAMI</b>	Casás	5	<b>SIMÓN</b>	Piringalla B	9
<b>RATOEIRA</b>	Lourenzà	5	<b>NICO</b>	Resi A	9
<b>ANTÓN</b>	Resi A	5	<b>BRUNO</b>	Viveiro B	9
<b>CORREDOIRA</b>	Resi A	5	<b>HUGO S.</b>	Burela	8
<b>NICO</b>	Resi A	5	<b>IVÁN</b>	Casás	8
<b>MIGUEL A.</b>	Ribadeo	5	<b>AIMAR</b>	Castro	8
<b>DIEGO</b>	Ribadeo	5	<b>DIGUI</b>	Ferroviaria	8
<b>IVÁN</b>	Casás	4	<b>DIEGO V.</b>	Polvorín A	8
<b>JOSE M.</b>	CD Foz	4	<b>ÁLVARO</b>	Resi B	8
<b>JORGE</b>	Monterroso	4	<b>MANU</b>	Resi B	8
<b>ANXO</b>	RC Villalbés B	4	<b>CANDELA</b>	Becerreá	7
<b>RAMIRO</b>	Burela	3	<b>ALBERT</b>	Casás	7
<b>AYMAN</b>	Casás	3	<b>ADAM</b>	CD Foz	7
<b>ANSEDE</b>	Ferroviaria	3	<b>GABI</b>	Monterroso	7
<b>MANU</b>	Monterroso	3	<b>BARREIRO</b>	Piringalla A	7
<b>GABI</b>	Monterroso	3	<b>IAN</b>	Piringalla B	7
<b>TOMÁS</b>	Monterroso	3	<b>VICENTE</b>	RC Villalbés B	7
<b>BREIXO</b>	Polvorín B	3	<b>ALONSO</b>	Resi B	7
<b>RODRI</b>	Resi A	3	<b>IVÁN</b>	Resi B	7
<b>PIPI</b>	Resi A	3	<b>NONIDE</b>	Ribadeo	7
<b>ERIK</b>	Resi B	3	<b>ÁLEX</b>	Sagrado C.	7
<b>ÁLEX</b>	Resi B	3	<b>IVÁN</b>	Burela	6
<b>ALONSO</b>	Resi B	3	<b>SERGIO</b>	Castro	6
<b>JAVI A.</b>	Ribadeo	3	<b>LUCAS</b>	Lourenzà	6
<b>ÁLEX</b>	Sagrado C.	3	<b>IKER</b>	Piringalla A	6
<b>FUSTES</b>	Viveiro B	3	<b>CARLOS</b>	Piringalla B	6
<b>IKER</b>	Becerreá	2	<b>JAVI</b>	Polvorín A	6
<b>YAGO</b>	Burela	2	<b>YAGO</b>	Polvorín A	6
<b>DAVID O.</b>	Burela	2	<b>JOSE</b>	Polvorín A	6
<b>GAYOSO</b>	Burela	2	<b>ELOI</b>	Polvorín B	6
<b>ELOY</b>	Casás	2	<b>LEANDRO</b>	Polvorín B	6
<b>IVÁN</b>	Castro	2	<b>SEBAS</b>	Resi A	6
<b>ABRAHAM</b>	CD Foz	2	<b>ANTÓN</b>	Ribadeo	6
<b>SANTI</b>	CD Foz	2	<b>AMIN</b>	Sagrado C.	6
<b>SAMUEL</b>	CD Foz	2	<b>DANI</b>	Viveiro B	6
<b>RAÚL</b>	Ferroviaria	2	<b>ANTÓN</b>	Becerreá	5
<b>BRUNO</b>	Ferroviaria	2	<b>YAGO</b>	Burela	5



# O Castro é o rival a bater

**PLETÓRICO INICIO DE CURSO PARA OS CHAIREGOS** con pleno de vitorias nas seis primeiras xornadas, sacándolle xa ao segundo, Sarriana, seis puntos

O Castro, que debutou a pasada tempada nunha fase de ascenso á Liga Galega xuvenil, partía como un dos aspirantes para volver loitar polo salto de categoría e por conseguir o título Provincial, pero non coa suficiencia e abafadora superioridade coa que iniciaron o curso.

Seis encontros e seis vitorias tras medirse xa con Milagrosa, Ribadeo e Sarriana, o resto de favoritos para estar nunha das tres primeiras prazas.

Anás empezou ao grande o curso vendo portaría con moita facilidade, e froito diso o Castro tomou as rendas da Primeira División e xa non as soltou. Tralo parón os chairegos volverán á competición recibindo ao

Polvorín, único aspirante ao título ao que aínda non se mediron.

Unha vitoria do Castro sería unha estocada practicamente definitiva pese a estar aínda na primeira volta do campionato, sobre todo tendo en conta que o seu máximo rival ata a data, a Sarriana, mídese co Ribadeo a domicilio, e que o terceiro, Milagrosa, ten nove puntos menos.

A próxima fin de semana dispútase a sétima xornada, antepenúltima da primeira volta, pero para equipos como o Ribadeo trátase dun auténtica final. Os mariños partían como aspirantes ao título, pero de perder ante a Sarriana terminarían con 6 puntos e xa practicamente sen

## XUVENIL 1ª Autonómica

### RESULTADOS

Sarriana - San Roque	3-0
Residencia B - Milagrosa	1-2
Xove Lago - Castro	1-7
EF Polvorín A - Monterroso	2-2

### CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P	GF	GC
C.D. CASTRO	18	6	6	0	0	23	8
S.D. SARRIANA	13	6	4	1	1	10	7
S.C.D. MILAGROSA	9	5	3	0	2	17	6
EF POLVORIN "A"	8	5	2	2	1	6	5
S.D. RESIDENCIA "B"	6	5	2	0	3	6	6
S.D. MONTERROSO	6	6	1	3	2	6	8
SD RIBADEO	6	5	2	0	3	7	11
U.D. XOVE LAGO	1	5	0	1	4	4	14
SOC SAN ROQUE	1	5	0	1	4	3	17

### PRÓXIMA XORNADA

Ribadeo - Sarriana	San Roque - Residencia B
Milagrosa - Xove Lago	Castro - Polvorín A

opcións de alcanzar o primeiro posto da competición, e menos se o Castro gaña ao Polvorín, xa que a diferenza sería de 15 puntos a favor do cadro chairego.



Os xogadores do Castro celebrando un gol na pasada fase de ascenso á Liga Galega

A Segunda División xuvenil é unha longa travesía polo deserto. Por unha banda hai equipos que queren estar en Primeira, por potencial e ambición, pero nin sendo campións teñen asegurada unha praza na máxima categoría provincial a próxima tempada.

O panorama dos equipos lucenses que compiten na Liga Galega xuvenil diminúe as opcións, xa que Viveiro, Villalbés B e Residencia ocupan postos de descenso. De consumarse os tres descensos só habería ascensos de Segunda División si ascenden como mínimo dous equipos, algo que non sucedeu nunca nas fases de ascenso á Liga Galega xuvenil no fútbol Provincial.

Pese a todo isto, Foz, Becerreá e Sagrado Corazón preséntanse como principais candidatos para dar o salto de categoría si hai prazas para iso. Os mariños no Grupo Norte son o único equipo de Segunda División que suma por vitorias todos os seus encontros, mentres que o man a man entre Becerreá e Sagrado Corazón no Grupo Sur preséntase máis que emocionante.

Os da Montaña perderon o seu único encontro disputado na Liga regular tras caer ante o Pol-

# Foz, Becerreá e Sagrado aspiran a dar o salto a Primeira

**SON OS FAVORITOS TRALO INICIO DE TEMPADA**, no que os mariños se manteñen coma único equipo invicto na Segunda División xuvenil



O plantel do Foz 2019/2020 posando no Martínez Otero

vorín no Municipal. Os de Diego Díaz aprazaron o encontro da pasada xornada ante o Taboada e, con esta fin de semana de parón, volverán á competición tras máis de quince días sen competir visitando ao Corgo, un dos equipos que máis

creceu desde o inicio de curso e que quere ser unha alternativa a Becerreá e Sagrado Corazón. Os capitalinos viaxan a Antas, onde se medirán no Castro Seoane a un rival con ánimos de revancha tralo resultado da primeira fase.

## Grupo Norte

O Spórting Pontenova poñerá a proba a súa boa dinámica de resultados no campo do intratable Foz ata a data. Os de Javi Chinchón gañaron todos os encontros que disputaron este curso e son o claro rival a bater

## XUVENIL 2ª PROV. NORTE

### RESULTADOS

Lourenzá - Pastoricense	6-1
Guitiriz - Foz	0-7
Pontenova - Viveiro	3-1

### CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P	GF	GC
C.D. FOZ	6	2	2	0	0	10	1
E.D. LOURENZÁ	3	2	1	0	1	7	4
S.D. VIVEIRO	3	2	1	0	1	6	3
S.P. PONTENOVA	3	1	1	0	0	3	1
BURELA S.D.	3	1	1	0	0	2	0
U.D. PASTORICENSE	0	2	0	0	2	1	8
GUITIRIZ S.D.	0	2	0	0	2	0	12

### PRÓXIMA XORNADA

Burela - Lourenzá
Pastoricense - Guitiriz
Foz - Pontenova

## XUVENIL 2ª PROV. SUR

### RESULTADOS

Palas - Corgo	2-2
Sagrado - Casás	12-0
Polvorín B - Antas	6-1
Taboada - Becerreá	Apt.

### CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P	GF	GC
SAGRADO	6	2	2	0	0	15	0
EF POLVORIN "B"	6	2	2	0	0	7	1
PALAS C.D.	4	2	1	1	0	10	3
C.D. CORGO	4	2	1	1	0	8	3
S.D. BECERREA	0	1	0	0	1	0	1
TABOADA CF	0	1	0	0	1	1	6
S.D. ANTAS	0	2	0	0	2	1	9
C.P. CASÁS	0	2	0	0	2	1	20

### PRÓXIMA XORNADA

Palas - Sagrado	Antas - Taboada
Casás - Polvorín B	Corgo - Becerreá

neste Grupo.

O Lourenzá, que perdeu en Foz na xornada inaugural, e o Burela, que plantou cara aos focenses na primeira fase, preséntanse como alternativas para intentar desbancar a un líder que ten no seu curto persoal o seu talón de Aquiles para afrontar con garantías a competición.

# 8

**ENCUNTROS DO FOZ** esta tempada e oito vitorias dos de Javi Chinchón. Seis na primeira fase, na Previa de Copa, e dúas neste inicio de Segunda División Norte, na que suman 10 goles a favor e un en contra tras impoñerse ao Lourenzá, 3-1 e ao Guitiriz, 0-7

# Selección Galega

## COPA REXIÓNS UEFA

**O COMBINADO AUTONÓMICO** superou esta fin de semana a primeira fase da Competición tras impoñerse a Castela a Mancha e Ceuta, e xogará o vindeiro día 12 de febreiro en Madrid contra Euskadi por unha praza na final a catro

As Rías Baixas foron esta fin de semana testemuña do pase da Selección Galega á segunda fase da Copa Rexións UEFA, que se disputará o vindeiro mes de febreiro en Madrid. O conxunto dirixido por Iván Cancela concentrábase para certificar o único billete en xogo, polo que tamén loitaban os combinados de Castela a Mancha e Ceuta.

O nosos deron un paso de xigante no primeiro encontro, disputado o pasado venres no campo de Baltar de Portonovo, tras superar por dous goles a cero ao cadro manchego grazas aos tantos de Brais Abelenda -da SD Compostela-, no tramo inicial, e de Josiño -tamén xogador do equipo santiagués-, dependendo deles mesmos para lograr o pase á seguinte fase.

Galicia xogaba a unha soa carta ante Ceuta. Coa derrota do sábado dos ceutís fronte a Castela, os de Iván Cancela tiñan todo de cara para lograr o billete, e mesmo un empate ou unha derrota pola mínima bastáballes para logralo.

O Salvador Otero da Illa de Arousa foi o escenario para o encontro definitivo, que tivo lugar onte a partir das 12 da mañá. A Selección Galega cumpriu con creces tras clasificarse de maneira brillante: Goleando ao combinado ceutí por catro goles a cero.

Dende os primeiros lances do encontro quedou clara a superioridade dos galegos, e cando só se disputaran tres minutos comezaba o recital de Adri Castro -xogador do Ourense CF-, co seu primeiro gol da mañá.

As ocasións por parte do combinado galego sucedíanse e o encontro estaba totalmente controlado. Así, antes do des-



canso Adri Castro poñía terra polo medio co 2-0 nunha acción ao contraataque.

Tralo intermedio Iker Hurtado -CSD Arzúa- ampliaba a renda co terceiro gol, mentres que Adri Castro volvería ver porta antes do asubio final para selar o definitivo 4-0 e un hat trick na súa conta persoal.

Con estos dous triunfos Galicia clasifícase para a Fase Intermedia, na que buscará o pase para a Final a Catro. O conxunto dirixido por Iván Cancela xogará contra Euskadi, que vén de eliminar a Madrid. O encontro disputarase o vindeiro 12 de febreiro nas instalacións de Real Federación Española, nas Rozas.

# 12

**FEBREIRO** Nas instalacións da Real Federación Española de Fútbol, das Rozas. Os combinados galego e vasco enfrontaranse por unha praza na final a catro nesta nova edición da Copa Rexións da UEFA

